

*Resolución do 22 de decembro de 2010 pola que se dispón a publicación do acordo asinado polas consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.*

Logo de ser consensuado cos reitores das tres universidades públicas galegas e tras obter o informe favorable do Pleno do Consello Galego de Universidades, na súa sesión do 10 de decembro de 2010, o Consello da Xunta de Galicia, en sesión do 16 de decembro de 2010, autorizou a sinatura do acordo sobre o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.

O dito acordo foi asinado polos responsables das consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, Facenda e Economía e Industria así como polos reitores das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo o 21 de decembro de 2010.

Procede, pois, a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do dito acordo, que figura como anexo desta resolución.

O que se fai público para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### ANEXO

#### Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015

En Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2010.

#### REUNIDOS:

Marta Fernández Currás, conselleira de Facenda, nomeada mediante o Decreto 81/2009, do 19 de abril, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34º.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, nomeado mediante o Decreto 81/2009, do 19 de abril, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34º.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Javier Guerra Fernández, conselleiro de Economía e Industria, nomeado mediante o Decreto 81/2009, do 19 de abril, en virtude da competencia atribuída polo artigo 34º.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Juan José Casares Long, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude da competencia

atribuída no artigo 87º dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro (DOG do 9 de febreiro), e o seu nomeamento mediante o Decreto 99/2010, do 17 de xuño.

José María Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña, en virtude da competencia atribuída no artigo 36º dos estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, e o seu nomeamento mediante o Decreto 3/2008, do 10 de xaneiro.

Salustiano Mato de la Iglesia, reitor da Universidade de Vigo, en virtude da competencia atribuída no artigo 58º dos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro (DOG do 2 de febreiro), e o seu nomeamento mediante o Decreto 90/2010, do 10 de xuño.

#### MANIFESTAN:

En virtude do disposto no Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, foron transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia os servizos, institucións e medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.

A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do Sistema Universitario de Galicia, creou as universidades da Coruña e Vigo que, unidas á xa existente de Santiago de Compostela, conformaron o punto de partida do actual modelo de ensino superior na nosa comunidade autónoma.

En cumprimento do establecido na disposición adicional cuarta da citada lei, o Goberno de Galicia remitiu ao Parlamento o Plan de Financiamento das Universidades para o período 1990-1996, que sería aprobado por unanimidade pola Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos.

Este modelo de financiamento, que tiña como principal criterio de asignación de recursos un módulo baseado no número de alumnos, prorrogouse ata o ano 1999, data en que entrou en vigor o segundo Plan de Financiamento 2000-2003 en que as transferencias correntes se facían depender fundamentalmente do custo por crédito impartido en cada titulación, segundo o grao de experimentalidade da titulación ou ciclo académico.

Tendo como reto inmediato a adaptación do sistema universitario Galego ao Espazo Europeo de Educación Superior, afrontouse a elaboración do terceiro Plan de Financiamento 2005-2010 cuxa estrutura presentaba un fondo incondicionado, destinado a cubrir os custos ordinarios das universidades e un fondo de nivelación, destinado ás universidades de Vigo e A Coruña, para favorecer a converxencia interna do sistema, vinculando a evolución de ambos os fondos á experimentada polos ingresos non finan-

ceiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia. Pola súa banda, a Universidade de Santiago percibiría unhas achegas fixas nos anos 2007 e 2008 como contribución ao Plan de Saneamento desta institución. Prevíase tamén un fondo de investimentos dotado dun crédito inalterable nos anos de vixencia do plan. Para os fondos de calidade e de participación no Plan Galego de I+D+i, que serían distribuídos en réxime competitivo, asignouse unha evolución segundo porcentaxes fixadas no propio plan. A estrutura completábase coas achegas destinadas á dotación de prazas vinculadas do Servizo Galego de Saúde e do INEF e outras que as universidades recibirían a través de convenios e acordos coas distintas consellerías, entidades e organismos da Comunidade Autónoma.

A crise económica coincidente cos últimos anos de vixencia deste plan e a excesiva dependencia das achegas da evolución dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia, que no momento da aprobación do plan estimábase que crecerían unha media anual do 6,5%, repercutiu de xeito moi negativo no financiamento das universidades galegas, tanto que foi necesario recorrer a achegas complementarias nos exercicios 2009 e 2010 de 13.911.794 euros e 28.284.496 euros respectivamente, para compensar as caídas do -2% e -11,28% na taxa de ingresos non financeiros.

As debilidades mostradas por este plan, unidas aos cambios producidos no contexto académico e económico, fan necesario un cambio no modelo de financiamento do sistema universitario de Galicia para permitir que, malia o adverso contexto actual, o noso ensino universitario avance na procura dos máis altos índices de calidade co compromiso da satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que terá Galicia no futuro.

Ante este novo escenario, o novo plan de financiamento ten que servir, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender as necesidades das universidades galegas e deben comprometer as institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Partindo deste contexto, os principios reitores do novo modelo de financiamento universitario para Galicia serán os seguintes: estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional.

Deste xeito, o novo plan baséase, fundamentalmente, nunha subvención fixa que permita acadar o principio de suficiencia estática e, un financiamento variable vinculado aos resultados obtidos tanto polas actividades docentes como de investigación e transferencia, e no principio de flexibilidade que permitirá revisar anualmente o financiamento, unido a obxectivos para orientalo á mellora da calidade, e

tendo en conta as peculiaridades de cada universidade,

#### ACORDAN:

*Primeiro.-Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.*

Os termos deste documento configuran o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia e a súa vixencia estenderase no período comprendido entre os exercicios económicos 2011 a 2015, ambos inclusive.

*Segundo.-Achegas da comunidade autónoma ao financiamento do Sistema Universitario de Galicia.*

As achegas da comunidade autónoma ao financiamento do sistema universitario de Galicia realizáranse a través dos seguintes fondos:

I. Financiamento estrutural, que recolle os fondos destinados ao financiamento dos custos estruturais derivados do normal funcionamento do sistema universitario de Galicia, componse das seguintes ferramentas:

a) Subvención fixa que comprende dous fondos diferenciados:

1. Para o financiamento dos custos estruturais das tres universidades públicas de Galicia prevese un fondo que, no exercicio 2011, será distribuído nas mesmas porcentaxes que se viñan aplicando aos fondos asimilados do Plan de Financiamento do Sistema universitario de Galicia 2005-2010.

Exceptuaranse deste criterio de repartición as contías correspondentes aos sexenios e complementos retributivos autonómicos recoñecidos ao persoal destas institucións. O seu importe engadirase ás transferencias realizadas a favor de cada universidade calculándose con base nas certificacións relativas aos tramos de investigación concedidos pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora e ás certificacións achegadas polo consello social de cada universidade.

Nos exercicios 2012 a 2015, a distribución deste fondo realizarase en aplicación de novos criterios de repartición que serán fixados polos asinantes antes do 31 de xullo de 2011 e que figurarán como addenda a este acordo. En todo caso, vincularase cada ano o equivalente do 5% do total deste fondo aos novos criterios, de xeito que no ano 2015, un 20% deste fondo se repartirá en función da aplicación dos mencionados novos criterios, sendo as contías restantes distribuídas en función das variables utilizadas no exercicio 2011.

No ano 2011 destinarase un crédito de 290.056.637 euros, e a cada universidade corresponderán as contías seguintes:

Universidade de Santiago de Compostela:  
123.754.632,15 euros.

Universidade da Coruña: 78.285.726,59 euros.

Universidade de Vigo: 88.016.278,26 euros.

Total SUG: 290.056.637 euros.

Realizaranse transferencias mensuais polo importe resultante da aplicación dos criterios de repartición acordados polos asinantes.

Este fondo evolucionará segundo a porcentaxe de variación da masa salarial fixada pola Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio. A esta variación engadiranse os sexenios e complementos retributivos autonómicos derivados dos recoñecementos anuais polas entidades avaliadoras.

2. Para o financiamento de investimentos de reparación e mellora, inclúese un fondo dotado de 5.048.502 euros. Esta contía permanecerá inalterable durante o período de vixencia do acordo. No ano 2011 repartirase cos mesmos criterios utilizados no ano 2010, e poderá ser modificados en exercicios futuros, logo de acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades.

Para o exercicio 2011 distribuirase do seguinte xeito:

Universidade de Santiago de Compostela: 1.971.320 euros.

Universidade da Coruña: 1.448.439 euros.

Universidade de Vigo: 1.628.743 euros.

Total SUG: 5.048.502 euros.

A execución dos investimentos deberá xustificarse na forma que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta consellería, logo de solicitude da universidade interesada, poderá autorizar excepcionalmente e por causas xustificadas a modificación do destino deses recursos.

Así mesmo, terán consideración de subvención fixa os fondos diferenciados que a seguir se especifican:

\*Mantemento dos consellos sociais das universidades galegas co fin de asegurar o normal funcionamento destes órganos de goberno. Para tal fin, transferirase mensualmente a cada unha das universidades a contía correspondente ao seu consello social.

Estes fondos repartiranse, durante os anos de vixencia deste acordo, en función dos criterios acordados entre os propios consellos sociais e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

No ano 2011 destínanse un total de 600.000 euros coa seguinte repartición, en aplicación dos mencionados criterios:

Consello Social da USC: 200.000 euros.

Consello Social da UDC: 200.000 euros.

Consello Social da Uvigo: 200.000 euros.

\*Mantemento da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), parte indispensable do sistema universitario de Galicia, e co fin de asegurar o seu normal funcionamento.

Con este fin destinarase no ano 2011 un crédito de 1.200.000 euros que serán transferidos mensualmente a ACSUG.

\*Financiamento do custo dos servizos traspasados do INEF-Galicia, actualmente Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña, en cumprimento do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, e dotación de prazas vinculadas do Servizo Galego de Saúde. As contías correspondentes a estes conceptos serán transferidas ás universidades polos departamentos competentes.

Os créditos destinados a estes fins no ano 2011 serán os seguintes:

INEF-Galicia, 2.945.254 euros que serán transferidos á Universidade da Coruña.

Prazas vinculadas Servizo Galego de Saúde, 6.553.926 euros, distribuídos do xeito seguinte:

Universidade de Santiago de Compostela: 5.272.500 euros.

Universidade da Coruña: 1.219.053 euros.

Universidade de Vigo: 62.373 euros.

En anos sucesivos estes recursos experimentarán a variación que corresponda aos incrementos retributivos, básicos e complementarios, do persoal ao servizo da comunidade autónoma.

b) Subvención por capacidade investigadora:

Centrarase no apoio ás universidades que desenvolvan liñas de investigación consideradas nos eixes de actuación do Plan Estratégico Galicia 2010-2014. Poderá incorporar novas actuacións segundo se vaian desenvolvendo sistemas precisos e homoxéneos de contabilidade dos custos indirectos das investigacións. A distribución realizarase mediante convocatorias competitivas entre as tres universidades.

A dotación inicial no ano 2011 será de 565.122 euros.

c) Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica:

Inclúe compensacións ás universidades polo incremento de custos en actividades universitarias, derivadas de cambios normativos, así como fondos finalistas transferidos á Comunidade Autónoma por outras administracións, con indicación expresa da Administración pública competente para o seu pagamento.

A dotación inicial desta subvención para o ano 2011 será de 1.098.020 euros, que se repartirá aplicando os mesmos criterios do fondo previsto no pun-

to I a) 2 deste acordo, do que resultan as seguintes contías:

Universidade de Santiago de Compostela:  
428.776,81 euros.

Universidade da Coruña: 315.021,94 euros.

Universidade de Vigo: 354.221,25 euros.

## II. Financiamento por resultados.

Os créditos asociados a este fondo recollen as seguintes ferramentas:

### a) Subvención por resultados:

Os créditos asociados a este fondo distribuiranse en función de contratos programa individualizados que se acordarán con cada unha das universidades asinantes.

No período de vixencia deste plan asinaranse dous contratos programa con cada unha das universidades, o primeiro deles comprenderá os anos 2011-2012 e o segundo estará vixente nos anos 2013-2015.

Nestes instrumentos de repartición recollerase a situación de partida e estableceranse os obxectivos de mellora de cada universidade para cada unha das seguintes áreas de acción:

- Adaptación ás necesidades sociais.
- Docencia.
- Investigación.
- Transferencia de tecnoloxía.
- Proxección internacional.
- Responsabilidade social.
- Xestión.
- Campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.

As medicións dos resultados realizaranse aplicando indicadores asociados a cada unha das áreas, tal e como figura no anexo deste acordo, no cal se establece o procedemento de normalización e ponderación desta.

Nos anos 2011-2012 destinarase a este fondo un crédito de 19.005.940 euros que serán repartidos en función de criterios baseados no número de estudantes matriculados (incorporando un factor de corrección para eliminar desviacións nas transferencias por este concepto) e nos ingresos medios por proxectos competitivos nos últimos tres anos, en relación ao PDI de cada universidade.

En aplicación destes criterios, as contías correspondentes a cada universidade serán as seguintes:

Universidade de Santiago de Compostela:  
7.507.346,30 euros.

Universidade da Coruña: 5.131.603,80 euros.

Universidade de Vigo: 6.366.989,90 euros.

Nos anos 2013 a 2015 a asignación dos créditos correspondentes a este fondo determinarase pola aplicación dos indicadores das áreas de acción, calculados con base nos datos proporcionados polas universidades en cada exercicio.

O importe deste fondo nos anos de vixencia dos segundos contratos programa será, como mínimo, o equivalente ao 10% do total dos créditos destinados ao financiamento das universidades do SUG.

Durante a vixencia deste plan, a subvención por resultados evolucionará consonte o índice que resulte de multiplicar por dous o crecemento do PIB nominal da comunidade autónoma en cada un dos anos.

### b) Subvención por resultados de investigación:

Recóllense neste fondo os créditos necesarios para o desenvolvemento das liñas de acción establecidas no Plan Galego de I+D+i, polas que se trata de promover a captación e o desenvolvemento de recursos humanos, definindo unha carreira científica que posibilite a formación e a consolidación de investigadores nas universidades galegas, así como dispoñer dos recursos para reforzar a excelencia investigadora do SUG e lograr unha maior proxección internacional.

Os créditos asociados a este fondo distribuiranse preferentemente mediante fórmulas de concorrencia competitiva.

No exercicio 2011 o crédito destinado a este fin será de 38.011.995 euros.

A subvención por resultados de investigación evolucionará, durante a vixencia deste plan, co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da comunidade autónoma en cada un dos anos.

### c) Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica:

A finalidade desta subvención é ordenar e potenciar os recursos e capacidades de investigación do SUG mediante o apoio a dous eixes estratéxicos fundamentais: a consolidación dos grupos de investigación e o desenvolvemento dun sistema integral de apoio á investigación nas universidades galegas.

A distribución dos créditos correspondentes a este fondo levarase a cabo mediante convocatorias en réxime de concorrencia competitiva.

Os créditos destinados a esta subvención no ano 2011 serán 7.210.313 euros.

A subvención por resultados de transferencia tecnolóxica evolucionará, durante a vixencia deste plan, co resultado de sumar tres puntos ao crecemento do PIB nominal da comunidade autónoma en cada un dos anos.

### III. Financiamento por mellora da calidade.

Recollerá actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación ou adaptación de infraestruturas.

No ano 2011 destinarase un crédito de 18.000.000 euros que será distribuído nas mesmas porcentaxes que se viñan aplicando ao Fondo Incondicionado do Plan de Financiamento do SUG 2005-2010 de xeito que lle corresponderán as seguintes contías:

Universidade de Santiago de Compostela:  
7.880.400 euros.

Universidade da Coruña: 4.699.800 euros.

Universidade de Vigo: 5.419.800 euros.

Nos exercicios 2012 a 2015 a repartición deste fondo vincularase ao cumprimento por parte das universidades dos compromisos incluídos nos plans recollidos na cláusula quinta (plans de sustentabilidade) deste acordo. En todo caso, primaranse criterios de eficiencia e eficacia na xestión económico-financieira, da propia planificación académica das universidades públicas, e as medidas que permitan comparar recursos entre as tres universidades galegas.

Así mesmo, formarán parte do financiamento por mellora da calidade os recursos proporcionados ás universidades galegas a través das distintas consellerías, entidades e organismos dependentes da comunidade autónoma, calquera que sexa a figura xurídica que adopten. Pola súa propia natureza estas achegas non quedan suxeitas a contía determinada e engadiranse ás recollidas neste fondo.

#### Terceiro.-*Evolución dos fondos.*

A evolución dos fondos no período de vixencia deste plan determinarase aplicando as regras do punto segundo deste acordo sobre as contías establecidas no exercicio 2011.

En todo caso, durante o período de vixencia deste plan, a variación anual da contía total dos fondos previstos nel estará suxeita á evolución anual do conxunto dos recursos que integran o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o establecido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

As modificacións que, de ser o caso, sexan precisas para levar a efecto o anterior, imputaranse, de xeito proporcional, sobre as contías resultantes da aplicación das regras contidas no punto segundo deste acordo.

Á vista dos resultados obtidos polas universidades en relación a cada un dos tres fondos previstos, poderase modificar a vinculación orzamentaria dos créditos.

#### Cuarto.-*Sistema de recolleita de datos para o cálculo das achegas.*

Para proceder ao cálculo das contías correspondentes a cada un dos puntos anteriores, en aplicación dos criterios e indicadores asociados, as universidades comprométense a remitir, con anterioridade ao 15 de novembro de cada ano de vixencia deste plan, toda a información precisa, certificada polo órgano competente de cada institución.

Co obxecto de unificar a información achegada e para facilitar a aplicación dos criterios e indicadores aos resultados e a súa relación coa consecución dos obxectivos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborará os modelos de recollida e presentación dos datos que se terán en conta no cálculo das diferentes partidas de financiamento.

No caso de que non resulte posible determinar o importe dalgún dos fondos recollidos neste plan por causas imputables a unha universidade, asignarase a ela o equivalente do 90% da percibida no exercicio precedente.

#### Quinto.-*Presentación de plans de sustentabilidade financeira por cada unha das universidades públicas de Galicia.*

Antes do 15 de febreiro de 2011, cada unha das universidades presentará, perante a Consellería de Facenda, o correspondente plan de sustentabilidade financeira que recollerá as medidas e obxectivos internos que debe alcanzar cada unha delas nos exercicios económicos 2011, 2012 e 2013 e cuxo contido mínimo incluirá:

- a) A descrición da situación actual da universidade e a súa orixe e xustificación.
- b) As medidas correctoras, xa aplicadas ou que se adoptarán a partir da entrada en vigor do plan, para corrixir a situación existente.
- c) O escenario de evolución da situación financeira da universidade para acadar o equilibrio orzamentario.

Unha vez presentado o antedito plan, será examinado por unha comisión constituída *ad hoc* e da cal formarán parte representantes das consellerías de Facenda e Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión avaliará o plan presentado e propondrá á persoa titular da Consellería de Facenda a súa aprobación ou rexeitamento. No caso de ser rexeitado, comunicarase á institución afectada os termos que deberán modificar para que, no prazo dun mes presente un novo documento que será sometido á análise e avaliación da mencionada comisión.

Anualmente, e con carácter previo á elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para cada exercicio, a Comisión de Seguimento, a que se refire a cláusula sétima deste acordo, analizará, á vista dos datos certificados por cada universidade, os resultados obtidos e o grao de cumpri-

mento dos obxectivos indicados en cada un dos plans de sustentabilidade.

A non presentación do dito plan, a inadecuación do plan presentado aos obxectivos xerais de estabilidade financeira, e o grao de incumprimento dos obxectivos sinalados, determinará a porcentaxe de participación de cada universidade nos créditos previstos no fondo para o financiamento para a mellora da calidade.

*Sexto.-Cumprimento de obxectivos de equilibrio orzamentario.*

As universidades de Galicia comprométese ao cumprimento dos obxectivos de equilibrio orzamentario ao longo da vixencia deste acordo.

As universidades deberán remitir á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información sobre a execución do seu orzamento de xeito que permita a súa consolidación co resto do sector público para a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma poderá solicitar ás universidades a información que considere necesaria para efectuar os procesos de agregación ou consolidación contable.

Para estes efectos, a Intervención Xeral determinará os modelos e os prazos en que se remitirá a información sobre a súa actividade económica e orzamentaria para os efectos do cumprimento da normativa comunitaria, estatal ou autonómica.

A falta de remisión da información nos prazos establecidos dará lugar, para a universidade afectada, á retención no libramento do Fondo para a Mellora da Calidade que lle corresponda, e terase en conta para os efectos de determinar a porcentaxe de participación da universidade nos créditos previstos no Fondo para o Financiamento para a Mellora da Calidade do seguinte exercicio.

A Consellería de Facenda instrumentará as medidas oportunas para o mellor seguimento deses obxectivos, entre as que figurarán as seguintes:

-Elaboración dun plan sectorial de contabilidade que se adaptará, posteriormente, ao modelo de referencia de contabilidade de custos que desenvolva a comisión creada para o efecto no ámbito estatal.

-Desenvolvemento do control a cargo da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos sinalados na Lei de réxime financeiro e orzamentario.

-Aprobación de instrucións referentes á elaboración, execución e liquidación dos orzamentos.

As universidades do sistema universitario de Galicia presentarán antes do 31 de xullo de cada ano de vixencia do plan, a relación de postos de traballo, consensuada previamente cos representantes dos traballadores e debidamente valorada para o persoal de todas as categorías da universidade, para os efectos previstos no artigo 81º, número 4, da Lei orgáni-

ca 6/2001, de universidades. A esta relación xuntarase a previsión das modificacións que vaian facerse efectivas no exercicio orzamentario seguinte.

Os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica das universidades ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custo, remitiranse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a súa autorización pola Consellería de Facenda.

O desenvolvemento e execución do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, quedará suxeito ás adaptacións necesarias que poidan derivar das medidas excepcionais que, en materia de estabilidade orzamentaria e/ou contención do gasto público, poida adoptar, con carácter xeral e alcance básico, tanto o Goberno do Estado como a Xunta de Galicia.

*Sétimo.-Grupo de traballo.*

Para a mellora das actuacións derivadas deste plan, crearase un grupo de traballo co obxectivo de propor medidas de aforro ao sistema universitario galego (SUG). O dito grupo estará integrado por un representante de cada unha das universidades do SUG, dous representantes da Secretaría Xeral de Universidades e outros dous representantes da Dirección Xeral de Orzamentos.

Este grupo emitirá anualmente un informe que incluíra unha listaxe coas dez principais medidas de racionalización do gasto e de mellora na eficiencia na xestión para o SUG. Este informe será incorporado á comisión de seguimento do plan descrita no punto oitavo.

*Oitavo.-Comisión de Seguimento do plan.*

Para garantir a correcta execución e o seguimento do establecido neste acordo, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante de cada unha das universidades do sistema universitario de Galicia; pola persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; pola persoa titular da Dirección Xeral de Orzamentos, da Consellería de Facenda; pola persoa titular da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, da Consellería de Facenda e pola persoa titular da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, da Consellería de Economía e Industria.

A comisión rexerese polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sobre órganos colexiados e reunirase cantas veces o solicite cada unha das partes.

En todo caso, e con carácter previo á elaboración dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia, reunírase para revisar os resultados obtidos en aplicación dos plans presentados polas universidades.

Esta comisión terá como funcións:

a) Efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste acordo.

b) Resolver as dúbidas e controversias que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas deste acordo.

c) Revisar anualmente os resultados obtidos en aplicación dos plans de sustentabilidade financeira presentados polas universidades, así como os obxectivos marcados nos respectivos contratos programa.

Para estes efectos a comisión poderá solicita das universidades asinantes a información necesaria para constatalo.

d) Propor, á vista dos resultados obtidos, a revisión da estrutura do plan ou dos indicadores que sexan precisos para reflectir a consecución de obxectivos de xeito adecuado.

e) Calquera outra que derive da execución do convenio e do espírito deste.

E en proba de aceptación, asinan de conformidade, no lugar e data indicados, comprometéndose a colaborar na plena e eficiente execución e desenvolvemento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, segundo os principios de confianza lexítima, boa fe, lealdade institucional, transparencia e servizo á sociedade e ao interese xeral.

A conselleira de Facenda, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o conselleiro de Economía e Industria, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, o reitor da Universidade da Coruña e o reitor da Universidade de Vigo.

*Resolución do 7 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se modifica a Resolución do 29 de decembro de 2006 pola que se convocan listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, se establecen os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, así como os criterios de baremación que se terán en conta para a elaboración das listas e o réxime de chamamento para impartir os cursos.*

Tras a publicación e entrada en vigor da Resolución do 29 de decembro de 2006 e despois de catro anos de funcionamento da lista de profesorado colaborador, faise necesario establecer requisitos distintos para impartir cursos preparatorios das probas Celga e cursos de linguaxes específicas, de tal maneira que os primeiros deles só poidan ser impartidos por demandantes de emprego en situación

laboral de desempregados; cómpre, así mesmo, perfilar o réxime de chamamento e as causas que determinan a baixa na lista.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Resolución do 29 de decembro de 2006 pola que se convocan listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, se establecen os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, así como os criterios de baremación que se terán en conta para a elaboración das listas e o réxime de chamamento para impartir os cursos, do modo que a seguir se expón:

Un.-Modifícase o artigo 3º, que queda redactado do seguinte xeito:

#### Artigo 3º.-Requisitos.

Poderán solicitar ser inscritas na lista as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser licenciado/a en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica, sección galego-portugués, ou ser graduado en lingua e literatura galega.

2. As persoas que xa impartisen cursos de galego como profesores colaboradores desta secretaria xeral.

3. Ter feitos e avaliados positivamente os cursos de formación para profesorado de lingua galega, linguaxes especializadas e/ou extensión cultural que realiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

4. Ser demandante de emprego para poder impartir os cursos de linguaxes específicas e os cursos que se realicen fóra de Galicia; ser demandante de emprego en situación laboral de desempregado/a para poder impartir os cursos preparatorios das probas Celga. No momento de ser nomeado para impartir un curso, o profesor ou profesora colaborador/a deberá entregar no gabinete de normalización lingüística da súa respectiva provincia:

-No caso de que vaia impartir un curso de linguaxes específicas, a tarxeta de demanda de emprego actualizada

-No caso de que vaia impartir un curso Celga, o informe de situación laboral e situación administrativa expedido pola oficina de emprego en que figure como situación laboral actual desempregado/a.

Dous.-Modifícanse os dous primeiros puntos do artigo 10º, que quedan redactados do seguinte xeito:

Artigo 10º.-*Réxime de chamamento para impartir os cursos.*

1. Segundo o indicado no artigo anterior, para facilitar a dispoñibilidade horaria e a participación do